

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*CORRECCIÓN de erros. Resolución do 10 de abril de 2019 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES). Anualidade 2019 (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).*

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 74, do 16 de abril de 2019, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 18979, artigo 5, onde di:

«Actuación 1: adquisición de vehículos de enerxías alternativas. Neste caso a solicitude farase a través dos concesionarios de automóbiles que actuarán como entidades colaboradoras. Actuación 2: implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos todas as solicitudes, independentemente do tipo de beneficiario de que se trate, faranse a través de empresas con actividade de instalación de baixa tensión que actuarán como entidades colaboradoras»,

Debe dicir:

«Actuación1: adquisición de vehículos de enerxías alternativas. Neste caso, a solicitude farase a través dos concesionarios de automóbiles que actuarán como entidades colaboradoras excepto cando o solicitante sexa o sector público, que poderá solicitar directamente». Actuación 2: implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos. As solicitudes, salvo cando o beneficiario sexa o sector público que poderá solicitar directamente, faranse a través de empresas con actividade de instalación de baixa tensión que actuarán como entidades colaboradoras».

Na páxina 19000, artigo 23, número 2, onde di:

«Para o cobramento polo solicitante da subvención concedida, a entidade colaboradora, para a Actuación 1 ou 2, ou o beneficiario, para a Actuación 3 ou 4, deberá presentar toda a documentación que se sinala neste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo VII, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse



a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>)»,

Debe dicir: «Para o cobramento polo solicitante da subvención concedida, a entidade colaboradora ou a entidade integrante do sector público directamente, para a Actuación 1 ou 2, ou o beneficiario, para a Actuación 3 ou 4, deberá presentar toda a documentación que se sinala neste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo VII, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>)».

